



**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 10 DE OUTUBRO DE 2013**

**LICENZAS**

**LIC/338/2012.- CARMEN CANCELA REY.-** Conceder licenza para básico e de execución de vivenda unifamiliar entre medianeiras en Vista Alegre, 62.

**LIC/1348/2013.- JOSE FREIRE OTERO.-** Conceder licenza para edificación de hórreo na rúa do Sandino, 26.

**LIC/1207/2013.- MARIA ISABEL SOUTO SILVA.-** Conceder licenza para instalación de ascensor na Avda. Rodríguez de Viguri, 31.

**LIC/1280/2013.- RAMON HERMIDA FERRO.-** Conceder licenza para construción de galpón para usos agroforestais no lugar de Sabugueira.

**LIC/1030/2013.- SOLUCIONES DE FORMACIÓN Y TECNOLOGÍA, SL.-** Conceder licenza para reforma interior de vivenda na rúa do Doutor Teixeira, 17.

**LIC/4/2013.- INVERSIONES COSCAMA, SL.-** Conceder licenza para acondicionamento de soto para garaxe en edificio de vivendas na rúa de Alfredo Brañas, 6.

**LIC/1337/2013.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.-** Conceder licenza para derruba adicional para reforma, rehabilitación e ampliación na rúa de Vila de Noia, 3.

**LIC/807/2013.- YOLANDA RODRÍGUEZ MATO.-** Conceder licenza para legalización de planta de semisotano e execución de ampliación de planta baixa de trasteiro/almacén no lugar de Correxíns, 26.

**LIC/1992/2009.- SABINA MUIÑO CARBALLIDO.-** Conceder modificación de licenza outorgada na Xunta de Goberno Local na sesión do 20 de abril de 2010.

**LIC/2239/2008.- MARÍA OTERO CASAL.-** Conceder modificación de licenza outorgada na Xunta de Goberno Local na sesión do 10 de decembro de 2009.

**LIC/1508/2012.- CONSORCIO DE SANTIAGO.-** Conceder modificación de licenza outorgada na Xunta de Goberno Local na sesión do 4 de outubro de 2012.

**PRÓRROGAS**

**LIC/1292/2013.- JOSE LUIS CANEDA FREIRE.-** Conceder prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de setembro de 2010, para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Mourentan, 12.

**OBRA E APERTURA**

**LIC/6/2013 e LAP/119/2013.- ENRIQUE LADO CADILLO.-** Conceder licenza de acondicionamento e apertura de xoiería na rúa da Calderería, 5.

**LIC/1037/2013 e LAP/289/2013.- TELEFÓNICA MOVILES ESPAÑA, SA.-** Denegar a licenza de acondicionamento e apertura de legalización de instalación de estación base de telefonía mobil no lugar da Silvouta, 6.

**LIC/1036/2013 e LAP/291/2013.- TELEFÓNICA MOVILES ESPAÑA, SA.-** Denegar a licenza de legalización dunha instalación de estación base de telefonía mobil no Camiño Real de Vidán, 21.

**PARCELACIÓNS/SEGREGACIÓNS**

**LIC/1282/2013.- CONCEPCIÓN SANCHEZ TEIJEIRO.-** Conceder licenza de parcelación na rúa de Sarela de Abaixo.

**LIC/1139/2013.- JOSE OTERO VILAR.-** Conceder licenza de parcelación no lugar da Escarabuña, 27.

**RECURSO DE REPOSICIÓN**

**LIC/405/2013.- MERCEDES CASTELAO RIAL.-** Rexeitar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de xuño de 2013.

**LIC/822/2013.- FLORENCIO NOYA LANDEIRA E OUTRA.-** Rexeitar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 18 de xullo de 2013.

**LAP/54/2013.- PUNTOS DE BAJO COSTE, SL.-** Estimar parcialmente o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de agosto de 2013.

**DEVOLUCIÓNS DE FIANZA**

**LIC/1351/2013.- CESAR ANTONIO GARCÍA PAZOS.....LIC/847/2008 ..... 1.500 €**

**LIC/1358/2013.- JOSE JUAN VILAS IGLESIAS.....LIC/692/2009 ..... 1.500 €**

**LIC/1779/2011.- FILIPPO LUCA GIOVANNI BELLAVITE PELLEGRINI...LIC/158/2008..... 5.000 €**

**4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais para dar conta do importe devengado polo Concello no 2º trimestre do ano 2013 polo servizo de axuda no Fogar.**

Dase conta á Xunta de Goberno Local de que a Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia ven de notificar que segundo os datos correspondentes a persoas en situación de dependencia beneficiarias efectivamente atendidas a través do servizo de axuda no Fogar, o Concello de Santiago de Compostela devengou polo 2º trimestre (abril, maio e xuño de 2013), a contía de 76.491,20 euros, segundo a seguinte desglose: mes de abril 26.891,70 €; mes de maio 25.074,70 €; mes de xuño 24.524,20 €.

**5.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa a aprobación da conta xustificativa da subvención concedida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.**

A Xunta de Goberno Local acordou, na sesión que tivo lugar o 28 de febreiro de 2013, solicitar unha subvención dentro da modalidade “mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico” que esixía a existencia dun servizo lingüístico de continuidade e a planificación e desenvolvemento de actividades de dinamización lingüística.

Con data de rexistro do 13 de maio de 2013 recibíuse a notificación da resolución, favorable á solicitude, e, en consecuencia, deuse conta á Xunta de Goberno Local da concesión dunha axuda por importe de 7.607 €.

Con base no anterior, propúxose que a Xunta de Goberno aprobara a conta xustificativa da subvención, facendo constar que para a mesma finalidade non se solicitou e, polo tanto, non se obtivo ningunha outra axuda ou subvención nin se contou con ingresos de procedencia allea ás partidas de gasto previstas, e que os programas incluídos na solicitude de subvención foron executados tal como se propuxo e consorte aos acordos de aprobación que lles corresponden.

**6.- IIVTNU (Plusvalía): Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.**

Concédense os devanditos beneficios.

**7.- Ampliación prazo execución Obras de Reparación e mantemento da oficina de turismo de San Lázaro, incluídas no Plan DTC-94 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.**

A concelleira da Área de Urbanismo, vista a solicitude de ampliación do prazo de execución dos traballos de reparación e mantemento da oficina de turismo de San Lázaro, formulada pola empresa adjudicataria das obras, CYS HISPANIA SL; e de conformidade cos informes favorables emitidos ao respecto polo técnico responsable do contrato e pola Xefatura de Sección de Contratación, propón á Xunta de Goberno que acorde outorgar a dita empresa unha ampliación do prazo por un período de quince días naturais.

**8.- Ampliación prazo execución Obras de Reforma do local de arquivo municipal no estadio de fútbol de San Lázaro, incluídas no Plan DTC-94 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.**

A concelleira da Área de Urbanismo, vista a solicitude de ampliación do prazo de execución dos traballos de Obras de Reforma do local de arquivo municipal no estadio de fútbol de San Lázaro, formulada pola empresa adjudicataria das obras, CYS HISPANIA SL; e de conformidade cos informes favorables emitidos ó respecto polo técnico responsable do contrato e pola Xefatura de Sección de Contratación, propón á Xunta de Goberno que acorde outorgar a dita empresa unha ampliación do prazo por un período de quince días naturais, acordando a suspensión temporal parcial dos traballos ata a dispoñibilidade da zona interior do arquivo.

**9.- Proposta do concelleiro delegado da Brigada de Vías e Obras e Xestión Ordinaria de Servizos Básicos, relativa á execución do acordo adoptado na sesión de 22.12.2009, sobre gastos de conservación de alumeadado público nun quinteiro do SUNP-17 do Paxonal.**

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 22 de decembro de 2009, aprobou asumir os gastos inherentes ao consumo de enerxía eléctrica para alumeadado público no contorno delimitado. Á vista dos informes de Intervención e do Servizo de Proxecto de Obras, o concelleiro delegado da Brigada de Vías e Obras e Xestión Ordinaria de Servizos Básicos propuxo aprobar o gasto de alumeadado público por importe de 5.143,45 €.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes para dar conta dos criterios xerais considerados á hora de establecer a distribución na reserva de uso das instalacións deportivas municipais.**

Co fin de facilitar o desenvolvemento e a práctica deportiva das entidades locais vinculadas co mundo do deporte na cidade, e tendo en conta as solicitudes presentadas no Departamento de Deporte, o concelleiro de Deportes deu conta á Xunta de Goberno Local dos criterios xerais considerados á hora de establecer a distribución na reserva de uso dos equipamentos deportivos indicados para a temporada 2013/14.

## **URXENCIAS**

- 1.- Dáse conta dunha subvención para a contratación de desempregados en risco de exclusión social da Xunta por importe de 46.352,44 euros.
- 2.- Apróbase o proxecto de mellora do vial Forte-Frades incluído no POS 2013 por importe 4.738,06 euros e un prazo de 3 meses.
- 3.- Apróbase o expediente de gasto e o inicio da contratación do subministro de portalóns para o parque de bombeiros por importe de 30.008 euros e un prazo de 1 mes.
- 4.- apróbase o proxecto e o inicio do expediente de contratación do proxecto de Basquiños e Pastoriza por importe de 550.821 euros.
- 5.- Adxudícase o servizo de mantemento do portal Cersia Empresa por importe de 6.776 euros.
- 6.- Solícitase unha axuda a AGADeR para a mellora do vial Forte-Frades por importe de 60.000 euros. O Concello achega 20.000 euros.